

1. Chamáchesme moreniña
porque [i-a min tamén fai ?]
se me boto polo mundo,
moitas moreniñas hai-e.
2. Eres fillo do meu faco
e neto da miña besta
nunca lenghua te piñeches,
nin aghora te pos nesta.
3. Anduvécheste alabando
que me habías de deixar
ahora deixei i-eu
corre ben, vaite alabar-e.
4. Eu ben sei a quen dixeches
que non me podías ver-e,
Dios llo fagha a quen mo dixo
que cho estima en saber-e.
5. Cando pases por cabo min
preghunta como me vai,
aghora xa lle pasou
o anoxo a meu pai-e.
6. Tanto che dou que me fales
coma que pases calado,
pena no llevo ningunha,
no corazón no te traio.
7. O corazón dunha pulgha
e as entrañas dun piollo
ben cocidas, ben sãlgadas
chegharán p' o mundo todo.
8. Señores que están dormiando,
hághanlo desimulados,
si una pulgha les pica,
vírense del outro lado.
9. Una maneta* sin flores
e con esta e ato una,
impresible que te marches
sen me decir cosa alghuna.
10. Moito che está i-a chaqueta,
moito che está i-a chaqueta,
a túa conversación-he
úsoa cando me peta.
11. Por esa que entrou no baile,
por esa que entrou aghora,
por esa que entrou no baile,
tocarei a noite toda.
12. Sei de un niño dun carrizo
no porreiro das cighonas,
vamos, carriciño, vamos,
vamos ve-las tascadoras.
13. La despedida te doy
y con esta e ato dos
impresible que te marches
sen me decires adiós-e.
14. Ay, yo no te lo digo,
qui es palabra de olvidar
adiós dicían los muertos
cuando se van enterrar-e.
15. Unha maneta* sen flores
e con esta e ato tres
e un caravel encarnado
unha rosa é a que ves-e.
16. Antoniño, meu Antón,
eu [heino?] de apretar,
véote caer nel suelo,
no te puedo levantar-e.
17. Unha maneta* sen flores
e con esta e ato catro,
este mozo ha de saber-e
dónde pisa o teu zapato.
18. [...] nin escribir-e
nin pillar copia de roda
e o día que ti te cases
ciñerei monteira nova.
19. En Asturias no hay quien planche,
se murió la planchadora,
ahora plancha mi novia
la ropa de Asturias toda.
20. Tengo de ir a Buenos Aires
aunque na máis sea un ano,
e aunque no traía dinero,
siempre soy amaricano.
21. Teño de ir a Buenos Aires
d' a cabalo dun mosquito,
p'a que digan os señores
“que caballo más bonito!”
22. Buenos Aires 'tá pechado
cunha chaviña de vidro,
se aquela chave lle rompe,
Buenos Aires 'tá perdido.
23. Ai, arrabeas porque canto,
porque río, moito máis,
teño de cantar e rir-e
para que rabees máis-e.
24. Esa vai por despedida
pero non é para marchar
acabouse o cho...

25. Esta vai por despedida,
esta vai por derradeira,
e acabouse o chocolate,
roe da chocolateira.
26. I-a tus puertas ‘tamos catro,
e os catro te queremos,
[si ‘stá abertiña] a cancela
nosotros caminaremos.
27. Miña nai por me casar-e
ofreceume canto tiña,
agora que me casou-e
díxome que non o tiña.
28. Miña nai por me casar-e
non foi por me da-lo dote
houbo unha reña na casa
partiu o testo do pote.
29. Esta si que che vai boa,
esta si que boa vai,
esta si que che vai boa
e á porta de túa nai-e.
30. [Moi]tas voltas dá o aire
arredor do abeneiro,
moitas máis daba Florinda
arredor do rusquilleiro.
31. O que nin canta nin baila,
que vai buscar ao muíño?
éralle mellor quedar-e
na súa cama durmindo.
32. O que non canta e non baila,
que vai buscar á ruada?
É aprender catro mentiras
p’a contar pola somana.
33. Unha volta polo aire
e outra polo arredor,
así fai o que ben baila,
así fai o bñilador-e.
34. Nena, que estás a bailar-e
no [...] o pandeiro
moito máis che había estar-e
se quitaras o sombreiro.
35. Sei cantar e sei bñilar,
sei toca-la pandeireta,
que me ensinou miña nai
a contar nunha peseta.
36. Eu cantar, cantaba ben,
i a gracia non era moita,
quedoume no lavadoiro
cando fun lava-la roupa.
37. Fíxoche unha cruz na porta
e outra na folla da hedra
aunque marches e non volvas,
eu de ti non teño perda.
38. Fíxoche unha cruz na porta
e outra no faiado logo,
quédate con Dios, Consuelo,
que daquí non faltas moito.
39. Dendes que te vin te amé
me pesa que ha sido tarde,
me pesa no haberte amado
en el vientre de tu madre.
40. Chamáchesme racha[...],
inda non rachei ningunha,
si me volves a chamar-e,
heiche de racha-la túa.
41. Pasei pola ponte en Sampaio
de noite polo oscuro
pareime no medio delas
e ti canta-lo farruco.
42. Chamáchesme moreniña
e á vista de tanta xente
e aghora vaime quedando
moreniña para sempre.
43. Costureiras haiche poucas,
sonche moi aproveitadas,
se a ti che tocara i-unha
nunca [...] deas paghado [?].
44. Non a quero costureira,
que a quero tecelana
erghe un pé e baixa i-outro,
dorme comigho na cama.
45. Costureira melindrera
dis que non comes touciño,
e come-lo cocho todo,
dende do rabo ao fuciño.
46. Somentei e somentei,
avea cun alcacén,
así madia fai o cura,
madia fai pasalo ben-he.
47. Cuando paso por tu puerta
sempre me cai el sombrero
de mirar pra tu ventana,
si tiene buen subidero.
48. Ai, que piñeiro tan alto,
enriba ten mil enredos,
o amor, cando se encende
nunca ten os ollos quedos.
49. Costureiriña bonita,
dame das túas aghullas,
que eu che darei alfileres
para prende-las costuras.
50. Costureiriña bonita,
dame unha aghulla de plata
para quitar unha espiña
do corazón que me mata.





Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

51. Toda a miña vida anduven
de trás dunha muller delgada,
e aghora tocoume unha
que non me cabe na cama.
52. Toda a miña vida andiven [?]
tras dunha costureiriña,
e aghora quedei sin ela
coma i-a aghulla sin liña.
53. Xa non quero, non quero,
xa non quero, non quero,
que te poña-la man na saia,
i-a man na saia,
i-a man na saia,
porque estoy casada,
porque estoy casada,
que se estivera soltera,
pois, tanto me daba!
54. A conversa dos casados
é coma o caldo sin sal,
fai coma a pera sombriza
que non sabe d' animais.
55. Quen me dera unha casada
que m' axudara a cantar,
as solteiras teñen galgo,
non me queren axudar-e.
56. Solteiriña, non te cases,
non deixe-la boa vida,
eu ben sei dunha casada
que chora d' arrepentida.
57. Eu caseime por un ano,
por saber que vida era,
i-o ano foise acabando,
solteiriña, quen me [dera]!

*maceta